



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR N^o 4

TEMPADA 2015/2016

TRAMITACIÓN DE LICENZAS

A tramitación de licenzas por parte dos clubs farase na aplicación da web da RFETM para xogador@s participantes en ligas nacionais, ou non participantes.

Os clubs de nova creación recibirán un nome de usuario e contrasinal para o acceso.

O pago das licenzas efectuarase a través da Federación Galega de Tenis de Mesa.

A documentación que se cita a continuación deberá ser remitida á Federación Galega:

- 1.- Fotocopia do impreso de Transferencia Bancaria, a nome da FGTM, (Banco Simeón, en Vilagarcía, C.C./0130/3007/70/0108038102), polo importe correspondente das licenzas tramitadas, según os prezos que se indican mais abaixo.*
- 2.- Fotocopia do DNI das persoas que tramiten licenza por primeira vez (ou Libro de Familia)*
- 3.- No caso de xogadores estranxeiros ou asimilados, a documentación que se fai referencia na circular da RFETM.*

Non se tramitará ningunha licenza se non se xunta copia da Transferencia Bancaria ao mail de: jlcabaleiro@hotmail.com

Os clubs que só teñan equipos participando en ligas de Primeira División Galega, Segunda División Galega e Segunda División Feminina, terán que tramitar, polo menos unha licenza de adestrador e unha licenza de delegado, por cada CLUB. Se teñen equipos participando en ligas de Terceira División Masculina ou superiores non terán que tramitalas.

Poderán solicitar as licenzas tipo “C” os xogadores que só participen nas ligas de Primeira División Galega. Segunda División Galega, 2ª División Feminina, Campionatos Galegos ou Torneos Galegos.

Para competicións estatais (Torneos Zonais, Torneos Estatais, Campionatos de España, Ligas Nacionais, etc.) terán que ter tramitadas as licencias tipo “A” ou “B” (según os casos).

As persoas que tramiten máis dunha licenza, só pagarán o seguro deportivo pola primeira, descontando 3 € por cada unha das restantes que solicitase.

Non se tramitará ningunha licenza a aqueles clubs que teñan débedas económicas ou sancións pendentes coa FGTM.

IMPORTE POR TRAMITACIÓN DE LICENZAS

CLASES TIPO LICENZA			COTA BÁSICA (*)	COTA HABILITACIÓN COMPETICIÓN	TOTAL PRECIO ESPAÑOLA	COTA FEDERAC. GALEGA	TOTAL PREZO LICENZA
A	XOGADORES PARTICIPANTES LIGAS NACIONAIS						
A2	Participantes en ligas nacionais, excepto TDM o SDF	Sub-23, Senior e Veterano	3 €	27 €	30 €	10 €	40 €
		Infantís e Xuvenís	3 €	25 €	25 €	10 €	35 €
		Benxamins e Alevíns	3 €	20 €	23 €	10 €	33 €
A1	Participantes en 3ª Masculina o 2ª Feminina	Sub-23, Senior e Veterano	3 €	21 €	24 €	7 €	31 €
		Infantís e Xuvenís	3 €	16 €	19 €	7 €	26 €
		Benxamins e Alevíns	3 €	14 €	17 €	7 €	24 €
B	XOGADORES NON PARTICIPANTES LIGAS NAC.						
B.2	Resto competicións	Sub-23, Senior e Veterano	3 €	19 €	22 €	5 €	27 €
		Infantís e Xuvenís	3 €	14 €	17 €	5 €	22 €
B.1	Alevíns e inferiores	Benxamins e Alevíns	3 €	7 €	10 €	5 €	15 €
C	RESTO DE XOGADORES						
C	Todas as categorías	Sub-23, Senior e Veterano	3 €	0 €	3 €	12 €	15 €
		Infantís e Xuvenís	3 €	0 €	3 €	9 €	12 €
		Alevíns e Benxamins	3 €	0 €	3 €	6 €	9 €
D	DIRECTIVOS, DELEGADOS E AUXILIARES						
DF	Directivos da Federación Galega		3 €	21 €	24 €	16 €	40 €
DC	Directivos e Delegados de Entidades		3 €	25 €	28 €	16 €	44 €
DA	Auxiliares de Entidades e da Federación Galega		3 €	21 €	24 €	16 €	40 €
X/A	ÁRBITROS						
JAI	Árbitro Internacional		3 €	31 €	34 €	16 €	50 €
JAN	Xuíz Árbitro Nacional		3 €	30 €	33 €	16 €	49 €
JA.3	Terceiro Nivel		3 €	30 €	33 €	16 €	49 €
JA.2	Segundo Nivel		3 €	26 €	29 €	14 €	43 €
JA.1	Primeiro Nivel		3 €	25 €	28 €	12 €	40 €
E	ADESTRADORES						
E.3	Terceiro Nivel		3 €	30 €	33 €	16 €	49 €
E.2	Segundo Nivel		3 €	26 €	29 €	14 €	43 €
E.1	Primeiro Nivel		3 €	25 €	28 €	12 €	40 €

(*) A cota básica inclúe o importe do Seguro Deportivo Obrigatorio (Artículo 59.2 da Lei do Deporte), que serían 2,50 €, a xestión pola RFETM, así como 0,50 € que corresponden á Federación Galega por gastos de tramitación.